



Concello de San Cristovo de Cea

Praza Maior, 1 32130 San Cristovo de Cea (Ourense)
☎ 988 282 000 Fax: 988 282 008 ✉ concello@concellodecea.com
🌐 www.concellodecea.com



PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITE DE URXENCIA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A CONTRATACIÓN DO SUMINISTRO DUN TRACTOR E DUAS DESBROZADORA.

I.-OBJECTO, XUSTIFICACIÓN DAS NECESIDADES A SATISFACER.

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 86 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público ,aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011,de 14 de novembro (en adiante TRLCSP), no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio , polo que se desenrolase parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro (en adiante RGLCAP) en canto non se opoña ao establecido no TRLCSP, establecece:

O obxecto deste prego de cláusulas administrativas particulares é regular a contratación da subministración dun Tractor e dúas Desbrozadoras.

Obxecto deste expediente e o mantemento en limpeza da maleza das Infraestruturas Rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixa de Xestión de Biomasa a través do Subministro dun vehículo motor novo e dous apeiros desbrozadoras, unha de arrastre e outra de brazo.

A contratación deste subministro ven xustificada polo Convenio aos efectos subscritos pola Consellería de Medio Rural e o Concello de San Cristovo de Cea, sendo este quen asume a xestión para a contratación do citado subministro.

II.-TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

A contratación de subministro dun tractor e dúas desbrozadoras, realizarase mediante procedemento aberto, en trámite de urxencia, (artigos 157 a 161 do TRLCSP) e en trámite urgente (artigo 112 do TRLCSP), no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de novembro.

III.-NATURALEZA.

Este contrato clasifícase como contrato administrativo de subministro, de conformidade co disposto nos artigos 5, 9 e 19 1a) do TRLCSP.

IV.-FINANCIACIÓN.

O importe do presente contrato ascende a contía de 108.900,00 €.- (dos cales 90.000,00 € son financiados pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, e 18.900,00 € de I.V.E de aportación Municipal)

O importe abonarase con cargo á aplicación do vixente Orzamento Municipal, existindo crédito suficiente ata o importe aprobado polo Concello.

V.-TIPO DE LICITACIÓN.

O tipo de licitación (prezo máximo) correspondente o equipo a suministrar e queda fixado na cantidade 108.900,00 € (IVE matriculación e demais tributos incluídos) correspondendo o importe neto á cantidade de 90.000,00 €.- e o IVE aplicable 18.900,00 €.- Entenderase que as ofertas dos licitadores comprenden tanto o prezo do contrato como os gastos de entrega e transportes dos bens obxecto da subministración .

VI.-PLAZOS E PENALIDADES.

O vehículo tractor e dúas desbrozadoras, será entregado no Concello de San Cristovo de Cea, na Nave Municipal de Maquinaria situada en Lodairo - Cea.

Coa entrega do vehículo aportase a documentación necesaria para a posta en marcha do tractor e dúas desbrozadoras, todos os gastos ocasionados pola entrega e recepción do tractor e dúas desbrozadoras será de conta exclusiva do contratista adxudicatario, con especial consideración dos gastos de transporte, carga e descarga.

O prazo de entrega será o día 1 de decembro de 2017.

Si o adxudicatario incurriera en demora na realización da prestación contratada, o Concello poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades por demora, de conformidade co disposto no artigo 212 do TRLCSP.

A resolución do contrato acordarase, no seu caso, de conformidade co disposto nos artigos 211 e 223 d) TRLCSP, determinando o deber do contratista de indemnizar os danos e prexuízos causados á Administración, de conformidade co disposto no artigo 225.3 do TRLCSP, indemnización que se fará efectiva, en primeiro termino, sobre a garantía definitiva constituída, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista respecto do importe que exceda a garantía incautada.

VII.-GARANTÍA PROVISIONAL.

Non se esixe garantía provisional, habido conta do seu carácter potestativo o abeiro do disposto no artigo 103.1 do TRLCSP.

VIII.-CONDICIÓN DOS LICITADORES.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, a título individual ou en agrupación, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económico-financieira e técnica, e que dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato (Art. 54 do TRLCSP).

Os licitadores, persoas naturais ou xurídicas, deberán ter unha finalidade ou actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, de ser o caso, así coma dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

IX.-GARANTÍA DEFINITIVA.

Importe da garantía definitiva a constituír polo adxudicatario, será do 5% (I.V.E. excluído) do prezo de adjudicación, en calquera das modalidades previstas no artigo 96.1 do TRLCSP.

Dita garantía constituirase (mediante documento orixinal) no prazo de 5 días hábiles contados dende o seguinte ó da recepción do requerimento efectuado polo órgano de contratación. No caso de demora presumirase que o licitador retirou a súa oferta e procederase con arranxo ó disposto no artigo 151.2 do TRLCSP.

X.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de San Cristovo de Cea, sito na Praza Maior nº 1, en horario de 09:00 horas ata as 14:00 horas, dentro do prazo de 8 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no Perfil do Contratante.

As proposicións poderán igualmente presentarse dentro do mesmo prazo por correo postal certificado na dirección Praza Maior nº 1 – 32130 Cea (San Cristovo de Cea – Ourense), ou os Rexistros da Administración Xeral ou Autonómica dirixidos a mesma dirección.

Cando as proposicións sexan enviadas por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de

contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador, do mesmo xeito procederase no caso de presentación nos Rexistros doutras Administracións.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario Municipal.

Se o último día da presentación de ofertas resultase inhábil, o prazo entenderase prorrogado ó primeiro día hábil seguinte.

Os licitadores poderán solicitar do órgano de contratación, dentro dos cinco primeiros días do prazo de presentación de proposicións e documentación, canta información adicional e documentación complementaria estimen necesaria para a presentación das súas ofertas.

XI.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E DEMAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓNS.

Poderán participar na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económica-financieira e técnica nos termos previstos neste prego, non se encontren incursoas en ningunha das causas de prohibición para contratar co sector público do artigo 60 do TRLCSP e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto deste contrato (artigo 54. do TRLCSP).

Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP, relativas ás publicidades da adxudicación e á información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as ofertas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A concorrencia dos requisitos esixidos será no momento de finalización do prazo de presentación de documentación.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en tres sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar a contratación de "Contrato de suministro de un Tractor e dúas desbrozadoras". A denominación dos sobres será a seguinte:

- **Sobre «A»:** Documentación Administrativa.
- **Sobre «B»:** Criterios cuantificables por fórmulas.
- **Sobre «C»:** Criterios non cuantificables por fórmulas.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Para garantir o bo fin do procedemento, poderase requirir toda ou parte da documentación ós demais licitadores antes da proposta de adxudicación, que deberá aportarse, no seu caso, no prazo de cinco días.

O prazo para subsanación de deficiencias en canto a forma de presentación da declaración responsable será de tres días.

No caso de que os datos referidos na declaración responsable non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incurrir o declarante, a Administración Municipal resérvase o dereito de emprender as accións legais oportunas para reclamarlle os danos e prexuízos que lle puidese ter causado.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A»

Que se subtitula: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA:

1.- Documentación Administrativa.

Aos efectos da presentación de propostas, coa documentación establecida no artigo 146 do TRLCSP substituírase por unha declaración responsable, segundo o Anexo I deste prego, de que cumpre tódolos requisitos legalmente esixidos ao respecto, isto é, dispor da capacidade de obrar e a habilitación empresarial precisa para a execución do contrato, de non atoparse incurso en prohibición de contratar do artigo 60 do TRLCSP con indicación expresa de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de dispor de solvencia económica-financieira e técnica esixidas para participar nesta licitación, requiríndoselle a documentación á empresa proposta coma adxudicataria, antes da formalización da adxudicación.

No que se refire ao cumprimento dos requisitos de solvencia económica-financieira e técnica, estarase ó contemplado na cláusula décimo oitava do presente prego.

2.- UTES.

Cando dúas ou mais empresas presenten unha oferta conxunta, cada unha delas acreditará a súa personalidade e capacidade, debendo indicar os nomes e circunstancias das empresas que a subscriban, a participación de cada unha delas e a designación dun representante ou apoderado único. Neste caso os concursantes deberán presentar un compromiso por escrito, no que se obriguen a constituír unha UTE, para o caso de resultar adxudicatarios. Non será necesario a formalización da unión de empresas ata que se efectúe a adxudicación o seu favor. Os empresarios quedarán obrigados, solidariamente, á duración da unión temporal que coincidirá coa do contrato, ata a súa extinción; en todo caso entenderase o disposto no artigo 59 da TRLCSP.

SOBRE «B»

Que se subtitula: "CRITERIOS CUANTIFICABLES POR FÓRMULAS".

Contará con tres sobres pechados, relativos á:

Oferta económica referida ás melloras propostas polo Concello de San Cristovo de Cea.

Prazo de Garantía.

Prazo de Execución.

SOBRE «C»

Que se subtitula: "CRITERIOS NON CUANTIFICABLES POR FÓRMULAS".

Constará a súa vez dun sobre pechado relativo ás propostas sometidas a un xuízo de valor que levará o seguinte título:

Melloras presentadas polo licitador suxeitos a un xuízo de valor.

XII.- MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, en relación co artigo 21.2 do RPCSP, estará presidida por un

membro da Corporación ou un funcionario da mesma, actuando como Secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela o Secretario-Interventor ou, no seu caso, un funcionario con competencia para o exercicio destas funcións.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

— D. Celso Luís Garriga Rodríguez, 1º Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Facenda, Persoal, Cultura, Promoción Social e Participación Cidadá, que poderá ser substituído no caso de ausencia ou enfermidade polo Concelleiro D. José Paz Vázquez.

— Dª. María del Pilar García Tizón, 2ª Tenente de Alcalde e Concelleira da Área de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos e Infraestruturas, que poderá ser substituída en caso de ausencia ou enfermidade pola Concelleira Dª. Beatriz Vázquez Rodríguez.

— Dª. María José Pérez Vidal, 3ª Tenente de Alcalde e Concelleira da Área de Sanidade, Servizos Sociais, Benestar e Educación, que poderá ser substituída en caso de ausencia ou enfermidade polo Concelleiro D. Delmiro Pérez Fernández.

— D. Santiago Mansilla Vázquez, Secretario-Interventor da Corporación que poder ser substituído en caso de ausencia ou enfermidade pola funcionaria Dª. María José Fernández Lorenzo.

— D. José Antonio Fernández Gómez, funcionario da Corporación de San Cristovo de Cea, que actuará coma Secretario, que poderá ser substituído por en caso de ausencia ou enfermidade pola funcionaria do Concello de San Cristovo de Cea Dª. Mª. Belén Noguerol Freijedo.

A Mesa de Contratación avaliará as proposicións, mediante os criterios de valoración de aplicación, por orde decrecente de importancia e ponderación do presente prego, e formulará a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación. A Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular a proposta, os informes técnicos que considere necesarios e que teñan relación co obxecto do contrato. A estes efectos, constituirase un comité de expertos que contará con tres membros.

O Comité asesor estará constituído polos seguintes técnicos:

- D. José Antonio Firvida Rodríguez – Xefe do Parque Móbil da Deputación Provincial de Ourense.

- D. Antonio Janeiro Fernández – Persoal de Oficios do Concello de San Cristovo de Cea.

- D. Javier Otero Paz – Persoal de Oficios do Concello de San Cristovo de Cea.

XIII. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

A presentación de ofertas suporá a aceptación incondicional polos licitadores da realización de melloras propostas polo Concello, así coma a súa descrición.

As melloras ofertadas polo licitador que resulte adxudicatario pasarán a formar parte do obxecto do contrato.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta mais vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación, dependentes de criterios obxectivos ou dun xuízo de valor, e que resulte ser:

A.- CRITERIOS OBXECTIVOS (sobre B): Valorables mediante fórmulas ou porcentaxes: 90 puntos

1.- Oferta económica referida ás melloras propostas polo Concello de San Cristovo de Cea: 80 puntos, que se adxudicarán en proporción á valoración económica de cada mellora.

Os licitadores deberán presentar unha oferta que recolla as melloras presentadas, podendo presentar ofertas a tódalas propostas do Concello ou, no seu caso, ás que consideren.

A máxima puntuación outorgarase ó licitador que oferte a todas as melloras realizando así a oferta economicamente mais alta.

Os demais licitadores obterán a puntuación que lle resulte de aplicar unha regra de proporción directa, considerando a estes efectos a porcentaxe respecto á oferta ou ofertas que obtiveran a maior puntuación.

MELLORAS PROPOSTAS POLO CONCELLO

- a) Motor, transmisión. Valoración: 10.000,00 Euros.
- Dobre filtro de aire.
 - Cambio automático o cal permita subir e baixar velocidades baixo carga sen que sexa necesario pisar embrague.
 - Inversor na parte esquerda da columna da dirección con funcións de acople e desacople de velocidades baixo carga.
 - Desconexión da batería automaticamente.
- b) Toma de forza. Valoración 1.500,00 Euros.
- Toma de forza de 540E aos efectos de aforro de combustible.
- c) Equipo Hidráulico. Valoración 1.000,00 Euros.
- Circuito hidráulico igual ou superior a 100l/m. Presión mínima 200 Bares.
- d) Desbrozadora de brazo. Valoración 3.500,00 Euros.
- Control de movemento do brazo mediante mando electrónico joystick con proporcionalidade en todos os movementos.
 - Transmisión ao eixo mediante correa dentada.

2.- Prazo de garantía: 5 puntos.

O incremento do prazo de garantía ata un máximo de sete anos respecto do previsto no prego, valorarase segundo a seguinte fórmula:

$$Pg = 7 \times \frac{Gi - Ge}{Gmax - Ge}$$

Onde:

- Pg: Puntuación garantía.
- Ge: Garantía estimada.
- Gi: Garantía da oferta a valorar.
- Gmax: Maior garantía ofertada.

3.- Prazo de entrega: 5 puntos.

Outorgarase 5 puntos ao licitador que execute o contrato en 10 días.

As restantes ofertas valorarase proporcionalmente. En caso de discrepancia entre as cantidades consignadas en número e letra prevalecerán as primeiras sobre as segundas.

B.- CRITERIOS SUBXETIVOS (sobre C): Valorables polo comité de expertos: 10 puntos. Oferta sobre as melloras propostas polo licitador suxeitas a un xuízo de valor: 10 puntos.

Os licitadores deberán de presentar unha memoria técnica e descritiva coas proposicións de carácter técnico e económico que impliquen un valor engadido sobre a propio suministro e repercutan no mellor servizo ou utilidade pública.

O comité de expertos puntuará motivadamente as ofertas presentadas considerando a importancia técnica da mellora a executar.

Non se admitirán documentos que superen as 1 carilla, con tamaño de letra 10, nas propostas de cada actuación ofertada.

Valorarase igualmente o carácter conciso, e a concreción das actuacións propostas.

As propostas presentadas deberan acotarse ós seguintes campos:

- Melloras destinadas a garantir o cumprimento do obxecto do contrato.
- Melloras destinadas a garantir a prestación do servizo público vinculado a actuación.

Correspondera os membros do Comité de Expertos a recepción do Suministro coas melloras efectuadas.

XIV.- APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E ADMISIÓN DOS LICITADORES.

O acto de licitación desenrolarase, de conformidade co disposto nos artigos 81 a 84 do RXLCAP, nos termos seguintes:

O día seguinte hábil a aquel que finalice o prazo de presentación de proposicións constituirase a Mesa de Contratación para a cualificación dos documentos presentados no tempo e forma no sobre A, formalizándose a acta correspondente. Se non existen deficiencias que subsanar, a apertura do sobre C efectuarase no mesmo día, as 12:00 horas, na Aula de Formación Municipal, sita no Edificio Multiusos de San Cristovo de Cea (Rúa San Lorenzo Nº 68 – Cea).

No suposto de envío de documentación por correo que faga imposible a cualificación da documentación e a apertura de proposicións nas datas sinaladas, o Secretario da mesa de Contratación comunicará aos licitadores, a maior brevidade posible, as novas datas fixadas para tales actos.

No caso de que a Mesa de Contratación, observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicáraselle verbalmente aos interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias deberán facerse públicas mediante anuncios do órgano de contratación, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para a corrección ou rectificación dos defectos ou omisións ante a Mesa de Contratación.

No caso de subsanación procederase a apertura en acto público do sobre C, no quinto día hábil posterior o do remate do prazo de presentación de proposicións, as 12:00 horas, no Edificio Multiusos de San Cristovo de Cea (Rúa San Lorenzo Nº 68 – Cea).

XV.- VALORACIÓN DAS OFERTAS.

Apertura sobre "C". A continuación do sinalado na cláusula anterior procederáse no mesmo acto, á apertura do sobre "C" titulado "Criterios non cuantificables por fórmulas".

A continuación o Presidente da Mesa invitará aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións estimen oportunas, informándolles do seu dereito a presentar os recursos que estimen procedentes.

A Mesa de Contratación por si mesma ou mediante a solicitude dos informes que estime oportunos ó comité de expertos, valorará en base aos criterios establecidos na cláusula décimo terceira de este prego, o que resulte da documentación contida nos sobres "C", deixando constancia escrita do fundamento da valoración dada a cada un dos criterios de cada unha das ofertas. Trala valoración da Mesa realizarase unha clasificación en orde decrecente das ofertas conforme á valoración obtida por cada unha delas.

Apertura pública do sobre "B": Unha vez valorados os criterios cuia cualificación depende do xuízo de valor, a Mesa convocará ao licitadores a un acto público, fixando día, hora e lugar.

O día e hora fixados, procederáse da seguinte maneira:

O Presidente da Mesa de contratación dará a coñecer o resultado da valoración dos criterios correspondentes a un xuízo de valor sobre as ofertas de cada un dos licitadores.

A continuación a Mesa de Contratación procederá á apertura do sobre B, dando traslado do contido das ofertas aos licitadores presentes, podendo estes deixar constancia no Acta de calquera circunstancia que resulte da apertura formal do mesmo.

Se resultase preciso a subsanación de erros ou omisións nesta documentación, a Mesa concederá, un prazo máximo de tres días hábiles para efectuala.

A Mesa de contratación, si o estima oportuno, acordará a remisión dos sobres "B" ao comité de expertos, para o estudo das proposicións da relación cos criterios de adjudicación cuantificadas por fórmulas.

Concederáse un prazo de tres días hábiles ao licitadores, para que, si o desexan, poidan examinar o expediente e presentar as alegacións oportunas en canto as ofertas presentadas e o seu valor. O prazo sinalado para estes trámites e automático dende a data de apertura da documentación, sen prexuízo do aviso que se lle formule dende o Concello aos interesados por teléfono, fax ou correo electrónico.

Os eventuais empates resolveranse por sorteo en acto público ao que serán convocados os licitadores interesados.

XVI.- REQUIRIMIENTO DA DOCUMENTACIÓN AO PRIMEIRO CLASIFICADO.

Realizadas as actuacións anteriores, a Mesa comunicará ao órgano de contratación a clasificación dos licitadores aos que se refire a cláusula décimo quinta. Dita comunicación deberá incluír tamén a ponderación dos criterios e tódolos informes e actas que integran o expediente de licitación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de tres días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que se recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa dos requisitos incluídos na declaración responsable ou autorice ao órgano de contratación para obtelos de forma directa, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Se o requirimento non se cumprimentase adecuadamente no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo a recabar a documentación sinalada no párrafo anterior ao licitador que quedase clasificado no seguinte lugar, e así procederá sucesivamente no caso de que o licitador sucesivamente requirido non cumprimentase o requirimento.

Toda a documentación presentada polos licitadores, fosen admitidas as súas ofertas ou non, archivarase no expediente, unha vez adxudicado o contrato e, de ser o caso, transcorridos os prazos para interpoñer recursos sen que esta interposición se verifique, comunicarse aos licitadores que a documentación que acompañou as súas propostas queda a súa disposición.

XVII.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E DESEMPATES.

O criterio de adxudicación será a oferta economicamente máis vantaxosa, dentro da lista de licitadores ordenada polo importe das ofertas.

Se hai empate, aplicarase o contempáno na normativa de aplicación.

XVIII. PROPOSTA DE ADXUDICACION E ADXUDICACION DO CONTRATO.

A Mesa de contratación, elevará a acta correspondente coa proposta que estime pertinente ó órgano de contratación para adxudicación do contrato.

Unha vez vista a proposta da mesa, o órgano de contratación clasificará as ofertas presentadas e admisibles por orden decrecente de cualificación, en atención os criterios de adxudicación e requirirá ó licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello, para que nos dez días hábiles seguintes o da recepción de dito requirimento aporte a seguinte documentación:

1.- Aquela que acredite a personalidade do empresario, mediante NIF ou documento que o substitúa. A capacidade de obrar das persoas xurídicas acreditarase, ben mediante a escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, ben mediante escritura pública ou documento de constitución, modificación, estatutos o acto fundacional, inscrito, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

Os que acudan a licitación en representación doutro así como nos casos no que o licitador sexa unha sociedade ou persoa xurídica, deberán presentar tamén escritura de poder para o efecto, validada pola Secretaria da Corporación e acreditar a súa personalidade mediante o N.I.F.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do RGLCAP, en función dos diferentes contratos.

No suposto de que un empresario participe individualmente, deberá acompañar o Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, a escritura de autorización legalmente notarial ou as fotocopias debidamente autenticadas.

2. Xustificación da solvencia económica e financeira, a través da acreditación do volume de negocio anual do licitador, refírese ao ano de maior volume de negocio dos últimos tres concluídos, debe ser polo menos unha vez e media o valor estimado (considerando como tal o gasto autorizado, excluído o IVE) do contrato. A acreditación realizarase mediante as contas aprobados e depositada no Rexistro Mercantil -ou rexistro oficial correspondente- ou, no caso de empresarios individuais non rexistrados no rexistro mercantil, polos libros de inventarios e as contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil, de acordo co disposto no artigo 11.4.a) do RGLCAP modificado por RD 773/2015.

3. Acreditación da solvencia técnica ou profesional a través da presentación dunha lista dos principais subministros de bens similares feitos nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para os máis importantes, sendo requisito indispensable que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado (considerado como tal o gasto autorizado, excluído o IVE) do contrato, de acordo co disposto no artigo 11.4.b) do RGLCAP modificado por RD 773/2015.

4. Xustificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social impostas pola lexislación vixente, presentada de conformidade co disposto no artigo 73 do TRLCSP.

5. A acreditación da constitución da garantía definitiva esixida.

6. Para as empresas estranxeiras, declaración expresa de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que directa ou indirectamente se deriven deste contrato, con renuncia o foro xurisdiccional estranxeiro que pode corresponderlles. As empresas estranxeiras non comunitarias, ademais deberán acreditar que teñen unha filial aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e que están inscritos no Rexistro Mercantil.

Toda a documentación subministrarse en orixinal ou fotocopia debidamente certificada. A acreditación da constitución da garantía definitiva realizarase, en todo caso, a subministración dun documento orixinal.

De non se cumprimentarse dito requirimento en tempo e forma, entenderase que a oferta foi retirada, recibéndose a documentación indicada do seguinte licitante, de acordo co orden da clasificación das ofertas. Cumprido o requirimento e dentro dun prazo máximo de cinco días hábiles, o órgano de contratación ditará decisión motivada na que se adjudique o contrato, sen que poda ser declararse deserto o expediente cando exista algunha oferta admisible (artigo 151.3 da TRLCSP).

Sen prexuízo do anterior e previa á adjudicación, o órgano de contratación poderá, mediante resolución motivada, renunciar á celebración do contrato ou desistir do procedemento, nos termos regulados no artigo 155 do TRLCSP.

A adjudicación será notificada aos licitadores e publicada no perfil do contratante da Deputación Provincial de Ourense (<http://www.depourense.es>) e no Boletín Oficial da Provincia .

XIX.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato, en documento administrativo e, se é o caso, en escritura pública, terá lugar dentro dun prazo de 8 días naturais contados desde o seguinte o da recepción da notificación polos licitadores do acordo de adjudicación (artigo 156 do TRLCSP). De conformidade co disposto no artigo 154 do TRLCSP, a formalización publicarase, en todo caso, no perfil do contratista.

XX.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN E SUBCONTRATAÇÃO.

Sen prexuízo do disposto na cláusula anterior, o contrato é executarase estritamente suxeita o disposto neste prego e no Anexo I do mesmo, que serven de base ao contrato e nos artigos 292 a 300, ámbolos dous inclusive, de TRLCSP.

A efectos do disposto no artigo 118 do TRLCSP non se establecen condicións especiais de execución deste contrato.

O adxudicatario poderá subcontratar a terceiros a realización parcial da prestación, de acordo co disposto no artigo 227 do TRLCSP e previa conformidade del responsable do contrato.

XXI.-PAGOS E REVISIÓN DE PREZOS.

O pago farase efectivo unha vez recibida a subvención da Consellería do Medio Rural e a aportación do Concello de San Cristovo de Cea, contra factura expedida polo contratista, debidamente conformada polo responsable do contrato e con suxeición ao disposto no artigo 216.4 do TRLCSP e concordantes do RGLCAP.

O presente contrato non está suxeito a revisión de presos.

XXII.-INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Correspóndelle o órgano de contratación as facultades de interpretación, modificación, suspensión e resolución do contrato, de conformidade cos artigos 105 a 108, 210 e 211, 219 e 220, 223 a 225,, 296, 299 e 300 do TRLCSP.

XXIII.- RECEPCIÓN DO SUMINISTRO, LIQUIDACIÓN, PRAZO DE GARANTÍA E PENALIDADES POR EXECUCIÓN DEFECTUOSA.

Realizada a prestación procederase a verificar a correcta execución de la actuación con presenza do contratista, e do responsable do contrato, e do técnico incluído na Mesa de Contratación, estendéndose a correspondente acta. No suposto de que o subministro atoparase executado correctamente, estenderase desde a data positiva tendendo por recibida a prestación, comezando a computarse desde a data de levantamento de dita acta o prazo de garantía, que será de dous anos, tanto para o tractores como para as desbrozadoras.

Si o subministro non se atopara en estado de ser recibido, darase constancia na acta dos defectos advertidos e das instrucións ditadas e do prazo concedido para a corrección daquelas. Transcorrido dito prazo, si persisten as deficiencias, poderá optar o Concello entre a resolución do contrato o a concesión dun novo prazo de corrección con aplicación de una penalidade por o importe do 3% da contía do contrato, IVA excluído. Todo este o amparo do disposto no artigo 222, en relación co artigo 212 do TRLCSP.

XXIV.-GASTOS.

O adxudicatario estará obrigado a abonar o importe dos gastos de publicidade da licitación ata o importe máximo de 1.500,00 € e de cantos outros gastos derívense dos trámites de preparación, adxudicación, formalización e execución do contrato, incluídos todo xénero de tributos e prezos públicos estatais, autonómicos ou locais.

XXV.-COMPUTO DE PRAZOS.

De acordo co disposto na D.A. 12ª do TRLCSP, todos os prazos que se sinalen en días entendese naturais, a no ser que expresamente se faga constar que tratase de días hábiles.

XXVI.-NORMATIVA APLICABLE.

En todo o no previsto neste prego, rexerá, en canto a preparación, adxudicación, efectos e extinción do contrato, o disposto no TRLCSP e nas súas disposicións de desenrolo; supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto as normas de dereito privado (artigo 19.2 do TRLCSP).

As controversias que poidan surgir entre as partes no ámbito de este contrato, substanciaranse, de ser o caso, ante a xurisdición contencioso-administrativa (artigo 21.1 do TRLCSP).

XXVII.-EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E RECURSOS PROCEDENTES.

O expediente de contratación no que se integra o presente prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de setembro de 2017 e queda depositado o expediente na Secretaría Municipal.

Sen prexuízo de calquera outros recursos que se estimen procedentes, os pregos de condicións, os anuncios de licitación e os demais documentos contractuales que establezan as condicións que rexeran a licitación, serán susceptibles de recurso potestativo de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes e alternativamente de recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Ourense no prazo de dous meses, contados ambos prazos desde o día seguinte o da publicación dos anuncios de licitación o, no seu caso, da última publicación (si non fosen simultáneos).

En calquera caso, a presentación de reclamacións e a interposición de recursos non producirá, perse efectos suspensivos sobre a tramitación do expediente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

O presente Prego de Cláusulas acompañase dos seguintes anexos:

Anexo I: Prescricións Técnicas do Vehículo fixadas pola Consellería de Medio Rural.

Anexo II: Declaración Responsable.

Anexo III: Modelo de Melloras propostas polo Concello.

Anexo IV: Modelo Prazo de Garantía.

San Cristovo de Cea a 2 de novembro de 2017.

O ALCALDE,

Asdo.: José Luís Valladares Fernández.-

ANEXO I

PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS DO VEHÍCULO FIXADAS POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.

Deberá existir unha correspondencia entre as características do vehículo tractor e o das desbrozadoras que se menciona a continuación:

VEHÍCULO TRACTOR

- a) Motor
 - a. Potencia mínima 120 CV.
 - b. Par máximo: 500 Nm (a 1.300 – 1.400 rpm).
 - c. 4 cilindros mínimo
 - d. Con filtro de aire
- b) Transmisión e caixa de cambios
 - a. Embrague accionamento hidráulico ou electrohidráulico
 - b. Inversor electrohidráulico baixo par
- c) Toma de fuerza
 - a. Disco de embrague independente
 - b. Accionamento electrohidráulico cun mínimo de 2 velocidades (540/1000 rpm).
- d) Equipo hidráulico
 - a. Forza alzamento brazo: en función da desbrozadora de brazo
 - b. Circuito hidráulico: caudal mínimo de 95 l/min
- e) Outras
 - a. Ángulo de xiro de dirección 55 grados.
 - b. Cabina insonorizada con calefacción e aire acondicionado.

DESBROZADORAS

- a) Cabrestante
 - a. Forza de tiro mínima: 8.000 kg
 - b. Mínimo 50 m de cable de 14 mm de diámetro
 - c. Accionamento hidráulico e reversible
- b) Desbrozadora de arrastre
 - a. Desbrozadora de enganche traseira
 - b. Con rotor de martelos ou de cadeas
 - c. Desprazamento hidráulico lateral e vertical do tractor
 - d. Ancho de traballo mínimo: 1,65 m
- c) Desbrozadora de brazo
 - a. Cabezal adiantado
 - b. Alcance: 3 – 5,5 m
 - c. Cabezal de 1,15 – 1,25 adaptable a cuchillas e martelos con dobre senso de xiro reversible e rotación
 - d. Sistema de refrixeración adecuado

Os apeiros serán totalmente desmontables, permitindo utilizar o vehículo para traballos de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Número de expediente: 1/2017

Denominación do contrato: "SUMINISTRO DUN TRACTOR E DUAS DESBROZADORAS"

Data da declaración:

DATOS DEL DECLARANTE

Nome:

Apelidos:

DNI:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Dirección a efectos de práctica de notificacións:

(en caso de actuar en representación)

Entidade mercantil á que representa:

NIF:

Cargo:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que teño poder bastante de representación para a subscripción do presente documento.
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).
- Que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da Entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, de 10 de abril, de Regulación dos Conflitos de Intereses dos Membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de Incompatibilidades dos Membros da Xunta de Galicia e Altos Cargos da Administración Autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma.

- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto de estes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal).
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pago ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.
- Que a empresa dispón da capacidade de obrar, de habilitación empresarial e da solvencia esixidas para participar nesta licitación.
- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

a)

b),

etc.

Subcontratación

AUTORIZO ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

Firma: _____.-

ANEXO III

MODELO MELLORAS PROPOSTAS POLO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA

D./D^a _____, en nome propio con D.N.I.: _____, ou en representación da entidade mercantil _____, co NIF/CIF nº _____, manifesta, a súa vontade de SI/NON presentar ofertas ás melloras propostas polo Concello de San Cristovo de Cea.

(De ser o caso). Pola presente, e nas condicións establecidas na Cláusula Décimo Terceira A.1.) do Prego de Cláusulas Administrativas, declaro a vontade de executar as seguintes propostas (*):

- A.- Motor, transmisión. Valoración: 10.000,00 Euros. (SI / NON)
- Dobre filtro de aire.
 - Cambio automático o cal permita subir e baixar velocidades baixo carga sen que sexa necesario pisar embrague.
 - Inversor na parte esquerda da columna da dirección con funcións de acople e desacople de velocidades baixo carga.
 - Desconexión da batería automaticamente.
- B.- Toma de forza. Valoración 1.500,00 Euros. (SI / NON)
- Toma de forza de 540E aos efectos de aforro de combustible.
- C.- Equipo Hidráulico. Valoración 1.000,00 Euros. (SI / NON)
- Circuito hidráulico igual ou superior a 100l/m. Presión mínima 200 Bares.
- D.- Desbrozadora de brazo. Valoración 3.500,00 Euros. (SI / NON)
- Control de movemento do brazo mediante mando electrónico joystick con proporcionalidade en todos os movementos.
 - Transmisión ao eixo mediante correa dentada.

_____, _____ de _____ de _____.

(Sinatura e selo do licitador)

*- Nas ofertas de execución das propostas, tacharase a opción de execución (SI/NON) rexeitada polo licitador.

ANEXO III

MODELO PRAZO DE GARANTÍA

D./Dna. _____, con D.N.I.: _____,
en nome propio ou en representación da entidade mercantil
_____, co NIF/CIF núm.
_____ manifesta que o prazo de garantía ofertado na licitación das
"SUMINISTRO DUN TRACTOR E DUAS DESBROZADORAS", é o seguinte:

PRAZO DE GARANTÍA: _____ MESES

..... de

(Sinatura e selo do licitador)

ANEXO IV

MODELO PRAZO DE ENTREGA

D./Dna. _____, con D.N.I.: _____,
en nome propio ou en representación da entidade mercantil
_____, co NIF/CIF núm. _____
manifesta que o prazo de execución ofertado na licitación do "**SUMINISTRO DUN
TRACTOR E DUAS DESBROZADORAS**", é o seguinte:

PRAZO DE EXECUCIÓN: _____

..... de de

(Sinatura e selo do licitador)